

A TÍA LAMBIDA

PERSONAXES

CASTORA, ou a tía Lambida, 40 anos.

EDESIO, rapaz espilido, falador, 18 anos.

XANUCO, labrego, 25 anos.

CARLITOS, señorito veraneante, 12 anos.

TERESA, veciña de Castora, de idade similar.

CREGO, groso e bermello, 65 anos.

A tía Lambida deseiva unha colada no curro da súa casa, metendo e sacando as pezas dunha barreña amarela. Está a cantar a copla que segue, con ese aire desafinado da xente paisana cando canta en castrapo.

LAMBIDA

Si el mar tuviera barandas,
forate vere al Brasile,
pero como non las tiene,
mi nejra, non poedo ire,
ai lalalalalalala, ai lalalalalalelo
y ténjome de morire,.... (*Escóitase chamar á porta*)

LAMBIDA: Anda rapaz vai mirar quen anda por aí fora.

RAPAZ: Xa vou miña nai.

LAMBIDA: (*Segue cantando...*) Quen era?, Quen chamaba?

RAPAZ: Xa vou agora mesmo. Que cousa máis impaciente de Muller!

(Segue cos casco da música, ou a cervexa e a play).

Agora non se pode un relaxar e ficar tranquilo un intre!

LAMBIDA: *(Mira para o mozo e sóase coa manga).* Pero aínda non te moviches?. Espera que collo unha estaca e xa verás como che poño as pilas. Cagho na nai que te pareu... Pero se son eu... en fin... Cagho no paspán do teu pai!

RAPAZ: *(Sae e volve axiña a sentarse).* É o tío Edesio o da muíñeira.

LAMBIDA: Pois mándao pasar.

RAPAZ: Non fai falla, xa pasou sen que o mandasen.

EDESIO:

Dende fóra.

¡Tía Lambida, ai tía Lambida!

LAMBIDA:

Non querendo oir.

Pero como non las tiene,
mi nejra, non poedo ire.

EDESIO *(Ao público, mirándose ben de arriba a abaixo)*

Ostras!!! Serei invisible, ou que pasa?.

*(Berrando)*Tía Lambida, ¿seica está sorda?

(Ao público) Manda nabo... se estou case ao pé dela. Tía lambida!!! *(Berrando máis)*

LAMBIDA

De mal xenio.

¡Tía centellas! ¿Non teño nome, ou....que?. *(Refunfuñando)* Tía Lambida, Tía Lambida.!

EDESIO

Entrando

E que.... eu, poisSe lle digo a verdade case que non lle estou moi seguro de saber o seu nome de pila.

LAMBIDA: De pila?. De pila non... de bautismo. A ver se pensas que son unha Duracel desas das lanternas.

EDESIO: Pois desculpe vostede e non se anoxe.

LAMBIDA

Pois chámome Castora, ¿sabes?

EDESIO

Agora que fago memoria, mesmo paréceme que algo deso me sona...mais como todos lle chaman Lambida.....

De todas maneiras penso que eso dos motes non lle é nada malo.

LAMBIDA: Non o será para ti. Eu sempre che chamei Edesio ou Edesiño, que tanto ten.

EDESIO: A demáis teño lido...

LAMBIDA: E ti que vas ler se non sabes...

EDESIO: Si que elle sei, que deprendín a facelo no colexio do Barco; ou que pensa vostede...

LAMBIDA: A ver di que liches logo?, e deixame traballar.

EDESIO: Que os motes mesmo definen ás persoas.

LAMBIDA: Carallo... e logo quen me lambe a min?. (*Cala e pon xesto luxurioso*).Non te creas que non me virian ben unhas freguiñas por aquí, por aquí, e unhas lambetadas por aquí (sinala o pescozo e achégase a Edesio un pouco insinuante).

E logo Edesio, xa estás feito un mozo polo que vexo.

EDESIO: Logo marcharei á mili se eso é o que quere vostede dicir. (Da dous pasos cara atrás).

LAMBIDA: Pero en asuntos femeninos non lle estou moi...

LAMBIDA Eu non falaba sa de mininos. Teráse visto co lacazán este. Pero que pensaría?. Rapáz: que sepas que “ no todo el monte te es orégano”...

(Ao público.) Os homes pensan que por unha miradiña de nada, xa está unha pensando no palleiro.

Ao público) Aída que un pouquiño de marcha (alegría) non lle viría mal a este Corpo que xa son moitos meses sen... uff. Estanme entrando unhas calores que vou ter que poñerme debaixo da regadeira.

LAMBIDA: Bueno e qué raios queres?.

EDESIO

Mándame a mamá a ver se fai o favor de nos emprestar a bigornia, para ferrar unhas zocas e porlle unhas viras, que como chove tanto non pode ire á escola o meu irmanciño, que agora emprincipia con Don Ladillao o portugués, porque na outra non fan máis que rezare, asegún escribe o meu tío...

LAMBIDA

¿E cal dos pequenos é , porque os tres collen embaixo dun cesto?

EDESIO

Pois o maior dos máis pequenos, o Sócrates.

LAMBIDA

Pero se ese ten catro anos, home....

EDESIO

Non señora, non, o que ten catro anos é o Espartaco; o Sócrates xa anda nos seis.

LAMBIDA

¡Jasús, que non sei como aturades semellantes nomes!

EDESIO

É o meu tío, o Habanero, que nolos mandou poñer por carta, xa que el non cre en Deus,.... ademais como manda xiros,...calquera lle nega un caprichito deses!.

LAMBIDA: Ai os xiros...! Quen pillara un de cando en vez. Aínda que non fose moi grande taparía moitos buratos (insinúase de novo)... Moitos buratos!!! (Ao público) Disculpen pero é que hoxe teño un mal día

EDESIO: Pois elle certo, a última vez mandou sete duros. ... sete duros!!!

LAMBIDA: E como non cre en Deus... mil raios o fendan. Ándavos a tolear con eses nomes de cans ou de titiriteiros. Sabe Deus de onde os sacaría.

EDESIO

O peor foi o Epaminondas, que non nos afaciamos a dicilo, e ademais ríanse de nós. ...Quedoulle o Epa, e chégalle ben , que era moito chamárese pra tan arriquitado como quedou.

LAMBIDA

Boeno, déixame lavar que aínda teño que facer o xantar pra os xornaleiros e mais cocerlle a lavadura á marrá, que librou onte á noite e ...

EDESIO

¡Deus mire por ela...! Que faríamos sen unha marranchiña no pobo???
¿E logo non me empresta a bigornia?

LAMBIDA

¡Boh, a bigornia, a bigornia,...! ¿E como non tendes unha bigornia na vosa casa?

Tanto botar por ela, cunha filla na Habana e dous na escola da vila e non tendes pra unha puñetera bigornia de nada...

EDESIO

Ter témola, si señora, pero botárona a perder os marraus, dispensando.

LAMBIDA

¿Os marraus?, así Deus me dea ¿E como poden botar a perder os marraus unha cousa de ferro, por máis esfameados que os teñades?

EDESIO: Ben sabe vostede que aos marraus hai que tratalos ben... que despois ben ricos que están no caldeiro. A verdade é que a bigornia estaba no

curral, e de tanto refregarse nela e rillar no tallo, foise gastando ata esmorecerse de todo; agora non queda máis que o ferro.

LAMBIDA

¡Vaia por Deus! Se a túa nai e máis as túas irmás pensaran nalgo máis que en andárense arrandeando coma señoritas fora a alma, os porcos terían outra cousa que facer que andárense refregando e rillando nas bigornias.

Meu nabo, que Muller... Oito ten entre fillos e fillas e non para moi remilgada. Se traballase un pouco máis, como fago eu, non tería tantas ganas de ... eso...

EDESIO: Saiba que traballadora, miña nai si que o é...

RAPAZ: é por certo, casi tanto coma min (Ri)

LAMBIDA: (*Entra e sae ca bigornia*) Boeno, aí a tes. ¿Podes con ela?

¡Bótaa ao ombreiro, home...! E quéroa de volta antes da noite, eh?

EDESIO

Ta ben, si señora....Antes da noite teraa vostede no seu lugar “omnipresente”

RAPAZ: Dirás “CORRESPONDIENTE”, ignorante. Marcha a ver si os militaresche ensinan algo.

LAMBIDA

E coidado con me volver a chamar Lambida, eh?

EDESIO

Ta ben, si señora.

Índose.

Raio de tía Lambida, fala máis que vinte costureiras.

ACTO II

LAMBIDA

Si el mar tivera barandas,
foérate vere al Brasile,
pero como non las tiene,
hum, hum, hu hu hum, hu hu hu...

XANUCO

Dende fóra berrando.

¡Tía Lambidaaaa...!

LAMBIDA

.....y ténjome de morire...

XANUCO

Máis de preto.

¡Tía Lambidaaaa..... Ai, tía Lambida!

LAMBIDA

De mal xenio.

¡Tía navizas....!

Entra Xanuco.

¿Non teño outro nome ou que?

XANUCO

Perdoe Señora non quería ofendela.....

LAMBIDA

Estou farta de perdoar....

De mellor xeito.

Boeno, ¿a que vés?

XANUCO

Falando apresa, cun aquel de emoción na voz.

Non... nada... Que me dixo a miña muller..., se nos podería emprestar a botella da auga bendita de San Antón, pois a pobre está que..., cunhas dores que lle escordan as carnes de por embaixo, salva seia la parte... e tamén por

aquí, pola parte dos riles e polo dondo das illargas... Que coído que o que ten que vir virá dun instante a outro, digo eu, polo que...

LAMBIDA

Emprestar emprestaríacha de boa gana, que para eses casos é, que todos somos cristiáns e témonos que axudar. ¿Pero non hai en todo Tremiñá quen a teña máis recente?.

Desde que naceu a miña filla Matilda, non fun ao mosteiro por ela, ¿entendes?. Total... ¿qué falla me fai a min a auga de San Antón? Xa vai pra catorce anos que o meu home se foi por aí adiante e ... Boeeeno, prestareicha; mais logo de tanto tempo ao mellor está choca....

XANUCO

Eu diso non entendo...Pero di a tía Sabela, a parteira de Xagoaza, que canto máis choca colle máis poder.

LAMBIDA

Voltando ao aduvío da roupa.

E será. Pois vai adentro e dille á miña filla, que está na arca da roupa de gardar...E que teñades bo parto... ¡E non me chames Lambida, puñetas, que non me gusta...!

XANUCO

Índose

Deus llo pague, tía Lam..... señora Castora.

LAMBIDA

Falando para si.

Ai, Jasús, un fillo por ano e anda a xornal seco....I en troques o meu home, con toda esta fartura, foise por aí o lambón; ás Américas, a comer o pan podre e o viño vinagre...que endexamais mandou carto ningún.... Manda

revistas, je, como se se comera coas revistas...e todas elas con mulleres co
cu ao aire, malia o parta

ACTO III

LAMBIDA: A Brasil fuérate a vere
 en unha barca remera...
 iá que non por carretera...
 ailalelo, ailalala....

CARLITOS

Chamando dende fóra.

¿Puedo entrar señora Lambida?

LAMBIDA

Enrabecheda.

Ai coña, tamén este señorito de caldo á merenda.... Pase, pase....
Calritos....

CARLITOS

Moi fino, estendéndolle a man.

Buenas tardes, señora Lambida...

LAMBIDA

Limpando as mans ao mandil.

¿También vosté, señorito Calros?

CARLITOS

¿También, que?

LAMBIDA

Aínda no hizo un mes que vino por pírmera vez a Bentraces y ya me
conoce por el alcume?

CARLITOS

¿Y que es alcume?

LAMBIDA

Poes es el nombre que le ponen a una y que no es el de una... Lo mismo que a las curmanas de su mamá que le llaman las Piollas, siendo como son las señoritas de Chivas Rao...

CARLITOS

De Rivas Chao , querrá usted decir... ¿Así que Lambida no es su nombre propio sino su apodo...? Pues discúlpeme, no lo sabía. Como aquí todo el mundo le llama de ese modo...

LAMBIDA

Si, mas los vraneantes no son todo el mundo... Boeno, ¿y que quier?

CARLITOS

Vengo de parte de mamá, si me hace el favor de facilitarnos unas trébedes, pues con la costumbre de la cocina de gas, mamá no calculó que le iba a hacer falta, hasta ayer que dejamos de pedir la comida a la taberna, pues venía toda llena de pimentón y de moscas.

LAMBIDA

¿Unhas queeeee?

CARLITOS

Unas trébedes.

LAMBIDA

¿E iso que é?

CARLITOS

Accionando.

Esos hierros para poner las potas a la lumbre cuando es de leños.

LAMBIDA

¡Ahhhh, uns trespés...! Poes se lo siento bien nejarles iste pirmer favor que me piden, que no ha sere el último, si Dios quier... Pero no le tengo más trespíes que los míos... Si aínda foera una garamalleira, que desas tengo dos, la nuestra y la de los cerdos, disculpando...

CARLITOS

¿Y qué es una garamalleira?

LAMBIDA

Le es la cadena de colgar los potes a la lumbre.

CARLITOS

No, eso no va a servir. ¡Qué lástima, qué contrariedad!

LAMBIDA

Dígale a su mamá que haga una con tres croios, hasta mañana que va el propio a Ribadavia y le poede traer uns trespíes.

CARLITOS

Pero si mamá no está acostumbrada ni a los tres pies de los otros, ¿cómo va a valerse con los croyos?

LAMBIDA

Vaia por Dios ... que le habemos de hacere. Entre y que se las dea la Matilda, que está nel curro datrás.

O Calritos entra, e sae ao pouco cuns trespés pendurados na punta dos dedos da man esquerda.

CARLITOS

Dándolle a man dereita.

Excuso decirle a usted cuánto se lo agradecemos... ¿Cómo se llamaba su marido?

LAMBIDA

Como llamar se llamaba Paulino, mas todos lo coñecían por el Esterqueiro...

CARLITOS

Sáíndo.

Pues usted lo pase bien, señora de Esterquero.

LAMBIDA

Despois de ter ollado dun xeito indescifrible para a cancela por onde saiu Carlitos.

Está de Deus que non me van deixar deseivar esta roupa ...

Ailalelo, ailalalala
ailalalala, i ai lalelo...

TERESA

Dende fóra.

¡Castoraaa...!

LAMBIDA

Con extrañeza.

Vaia, ao fin unha que non me chama Lambida. Entra Teresa... ¿Desde cando pides premiso nesta casa, muller?

TERESA

Boas nos dea Deus.... ¡Que calor centelludo...!

LAMBIDA

¿E logo, que te trae por aquí?

TERESA

Vaia coa pregunta... O gosto de verte, muller, ¿paréceche pouco?. Pasaba por eiquí e díxenme, pois vou ver como anda a Castora, que vai pra, fixo onte quince días, que non te vía. E velehí tes...

LAMBIDA

Pois agradézochos de certo, muller... porque o que é hoxe, e cantos aquí viñeron...

TERESA

... e de paso dixen, vaia, pois vou ver se a Castora me podería emprestar aquel reloxo, ...que era do teu home, que aínda fai pouco cho teño ollado aí, enriba da cómoda, pendurado da cadea de ouro...

LAMBIDA

Pois direiche...

TERESA

... que o meu home ten que ir a Ourense, a vérese con don Aladio o procurador, e sempre lle dá aos homes máis aquel iren cun reloxo, ¿entendes?

LAMBIDA

Entendo, muller, entendo... e síntocho ben... Pois témolo a compor, que llo prestamos ao fillo do Caparráns pra o casamento e ... xa ves, non se poden prestar as cousas a quen...

TERESA

De mal xeito.

¡Vaia muller, que tamén che é casualidade...! . Mellor sería que mo negases sen andares con tanta volta.

LAMBIDA

¿Que voltas nin reviravoltas?

Enrabexándose.

Pois olla que ... Tes unha língoa que.... Calquera diría que eu son ...

TERESA

¿Quen , ti? ¿E que has sere? . Unha agarrada, iso, unha agarrada. Por non facere un favor, eres capaz de pintar a rabia. ¡Agora vesme con que tes o reloxo a compor!. Di que non che peta de mo prestare e acabouse...

LAMBIDA

Perdendo o tino.

¡Ai, raio de...!. ¿E por que che hei de mentire, por que?. Déboche un corno e págoche co outro... ¿Que obrigas teño contigo nin cos teus?, que nunca vindes aquí máis que para amolestare. O reloxo está a compor e teño dito ...

TERESA

¡Que ha de estar, que ha de estar, raio de subela!. A culpa, téñoa eu en virche a pedir nada... Nunca lle fas un favor a ninguén... Tanto como tes e todo che parece pouco pra ti e pra arriquitada da túa filla... Por algo che chaman Lambida...

LAMBIDA

¡Ai, que demo de bruxa! , que xa che vén de caste esa língoa de fura as paredes.

TERESA

¡Ollade quen fala!

LAMBIDA

¿Como te estreves a dicir que non fago favores a ninguén, cando aínda me tes aló, unha tesoura, a bufanda de pelo de cabra e máis un pano de Camariñas que vos emprestei, vai alá para dous anos?

TERESA

Collendo o portante.

¡Que che hei ter, que che hei ter! . ¿A quen lle emprestaches nunca nada? ¿A quen? Lambida, Lambidona...

LAMBIDA

Índose para ela.

¡Ai, centelluda, mal agradecida, agarda aí que...

TERESA

Dende fóra.

Lambidona, que nin o teu home te puido aturare....

A tía Lambida volta e séntase.

LAMBIDA

¡Arrenegado sexa o demo do inferno...!. A condenada non me chamou Lambida de comenzo, mais despois desquitouse... Está visto que teño que valeirar a miña casa i emprestarlle todo aos veciños... E aínda así, Lambida por aquí, Lambida por acá, Lambida por acolá, Lambida por enriba, Lambida por embaixo... Non, non o aguanto máis, o primeiro que me chame Lambida....

CREGO

Dende fóra, con voz de coronel.

¡Lambida!

LAMBIDA

¡Merda!

Entra o crego.

Ai, ¿é vostede? Séntese, séntese,....

CREGO

Pois vaia un recibimento que me fas... ¿É esa a maneira de responderes cando te chaman?

LAMBIDA

Xa máis reposta do susto.

¿Como cando me chaman? ¿E logo, vostede cando me acristianou buscou no almanaque Santa Lambida? ¿Foi ese o nome que me puxo, foi?

CREGO

Certamente que non... Ben sei que te chamas María Castora. Pero como todos e todos te chaman Lambida....

LAMBIDA

Índose cara el e facéndoo recuar.

¿Con que todos me chaman Lambida...? Pois tamén a vostede lle chaman Lorpas, Roechourizos, Lampantín, Broeiro, Papaunto i Escornacruces... e nunca llo teño dito, nin sequera en confesión. ¡Pois agora, ala, xa o sabe...!

Péchase o telón.